

MANUAL DE USO PARA ESTABLECEMENTOS DA APLICACIÓN “COMERCIA”

Para acceder a *parte pública* da plataforma, o usuario porá no seu navegador web a seguinte dirección:



Deste xeito, accederase a todos os contidos de acceso público, e poderase navegar por eles no menú situado á esquerda da páxina web.



Como comerciante, vostede terá acceso á súa *zona privada*, dende onde xestionará todos servizos que están á súa disposición. Para isto, terá que teclear na barra de direccións do seu navegador web a seguinte dirección:




E desta maneira mostraselle a zona de validación dos seus datos, o que lle permite acceder con total seguridade a dita zona privada.



Unha vez comprobado o seu nome de usuario e contrasinal, a aplicación móstranos o menú de “Inicio”, onde están todos os datos da súa empresa e as accións que poderá realizar como establecemento, tanto na barra de navegación superior como nos botón laterais.



Desde esta sección rexistraranse os puntos concedidos os clientes por unha compra. Isto, pódese facer de dúas maneiras, coa tarxeta de puntos do cliente ou co seu DNI, sempre e cando estean rexistrados na plataforma. No caso da tarxeta, sería tan sinxelo como inserir a tarxeta no lector, pulsar “ler tarxeta” e automaticamente se len os datos do cliente,ponse o importe da compra e púlsase en aceptar. O programa pedirá a confirmación dos datos e a operación estará realizada. No caso do DNI, haberá que introducir o número na casilla “DNI”, e o sistema cargará os datos do cliente. Ponse o importe da compra e pulsase en aceptar no menú e na ventá de confirmación de datos, o igual que coa tarxeta.



Rexistrar puntos

Para rexistrar a compra do cliente debe introducir a súa tarxeta no lector ou indicar o seu DNI no seguinte formulario:

DNI
45848■■■■p

Compra
20 €

Leer tarxeta aceptar

Activa Si
Nome Diego
Apelidos Pernas Fernandez
Puntos 5

No menú da dereita, a aplicación informa se a tarxeta está activa (se non o estivese non se podería realizar a operación, e habería que poñerse en contacto con ACOE) o nome da persoa, e os puntos que se lle conceden nesa operación.

A dereita da imaxe, temos tres botóns de acceso directo (tamén se podería acceder a esas funcións dende a barra de navegación superior) para outras tantas operacións:



- **Alta Tarxeta:** Permite dar de alta un usuario/a no sistema de puntos. Neste caso, o/a comerciante só tería que cubrir un formulario cos datos do cliente, e así xa quedaría rexistrado na plataforma. A tarxeta de puntos sería gravada posteriormente por ACOE e enviaríalla á ubicación que o cliente desexase, tanto sexa un establecemento participante ou o seu propio domicilio.

USUARIOS

Apelidos Nome

DNI Data de nacemento

Rúa Número

Piso CP Concello

Teléfono Teléfono móbil Email

Recibir tarxeta en
Envío a domicilio

Observacións



- *O meu establecemento*: Se pinchamos nesta opción accedemos a información relativa á miña empresa, e que deberemos ter cuberta co maior numero de datos posible e sen erros. Isto é importante porque estes datos serán accesibles tanto dende a parte pública do portal web, como dende a sección privada de establecementos.



- *Tarxetas Regalo*: Dános acceso ao menú propio das tarxetas regalo. Dende aquí rexistrárase calquera compra realizada con unha tarxeta regalo. Para isto, introdúcese a tarxeta regalo no lector e pínchase en “Ler tarxeta”. Isto permitiranos saber se dita tarxeta está activa (as tarxetas regalo teñen unha caducidade de 6 meses), os cartos dos que dispón e a data de caducidade. No momento que poñemos a cantidade que se quere cobrar na tarxeta, a aplicación resta ao total ese importe.

Rexistrar compra

Para rexistrar a compra do cliente debe introducir a súa tarxeta no lector

Compra

<input type="text" value="15.5"/>	€
-----------------------------------	---

Activa	✓
Importe actual	4.50 €
Data caducidade	23/10/2009

Windows Internet Explorer

Desexa engadir unha compra de 15.5 € á tarxeta ?

Como podemos ver na anterior imaxe, inseríuse unha tarxeta con 20 euros de saldo, e ao poñer os 15.5 euros da compra, o programa xa nos indica que lle quedarían 4.50 euros na tarxeta, pedíndonos confirmación de que a operación é correcta. Aceptando isto, a operación está realizada correctamente.

Ademais, cabe a posibilidade de gravar unha tarxeta regalo nova co importe correspondente, de maneira moi sinxela.



Pínchase no botón “Nova tarxeta regalo”, e accédese a un formulario, no que **soamente** habería que seleccionar o importe da tarxeta regalo, **que se ten que corresponder co que leva serigrafiado a propia tarxeta**. É moi importante ter coidado de que se está facendo a operación correctamente, para evitar posibles problemas posteriores. Á hora de gravar a operación, o sistema pide unha confirmación dos datos a gravar, como medida de seguridade.

Nova tarxeta regalo

Indique o importe inicial que se cargará na tarxeta e os datos personais do seu titular

Data alta	23/04/2009	Importe inicial
Data caducidade	23/10/2009	-- seleccionar --
Apelidos	<input type="text"/>	-- seleccionar --
Apelidos	<input type="text"/>	20 €
Apelidos	<input type="text"/>	50 €
Apelidos	<input type="text"/>	100 €
Apelidos	<input type="text"/>	150 €
Apelidos	<input type="text"/>	200 €
Apelidos	<input type="text"/>	250 €
Apelidos	<input type="text"/>	300 €
Apelidos	<input type="text"/>	350 €
Apelidos	<input type="text"/>	400 €
Apelidos	<input type="text"/>	450 €
Apelidos	<input type="text"/>	500 €
Apelidos	<input type="text"/>	550 €
Apelidos	<input type="text"/>	600 €

gravar

Alternativamente, despois de cargar a tarxeta co importe correspondente, tamén se podería ir á sección de “Tarxetas regalo”, e pinchar en “ler tarxeta” e confirmar que os datos son os correctos.

Na barra de navegación superior atopamos varios botóns, algúns xa comentados, polo que nos centraremos soamente nas opcións novas:

Usuarios

Se pinchamos neste botón, mostrárasenos o listado de usuarios do sistema. A finalidade desta pantalla sería poder modificar os datos dun usuario/a, do tipo teléfono, enderezo, email, etc. xa que o nome, os apelidos e o DNI non se poden cambiar.

Puntos concedidos

Este botón lévanos á ventá de puntos concedidos, onde poderemos ver un listado con todos os puntos que levamos dados aos nosos clientes. Esta sección é meramente informativa, xa que non nos permite facer nada máis ca filtros de información.

Recibos

Esta sección mostra os recibos que ten o establecemento e o estado en que se atopan. Ao igual que a de puntos concedidos é sobre todo informativa, pero a maiores, permítenos imprimir os nosos recibos e exportalos en formato “Q19”.

Sorteos

Ao pinchar nesta opción, o programa lévanos a unha sección na que se pode ver os sorteos que hai activos e os regalos que o conforman. Ademais, nós como establecemento, poderemos propoñerlle a ACOE un sorteo a realizar. Despois, o administrador da plataforma (ACOE neste caso) decidirá se realiza ese sorteo ou non.

Título

Data de inicio Data de fin Data de sorteo 1 rifa cada €

Breve

Descrición Condicións

Imaxe (recomendado 105 px de ancho)

Para propoñerlle un sorteo a realizar habería que cubrir o seguinte formulario e pinchar en “gravar” para finalizar.



“Comercia” é a plataforma de fidelización de ACOE, e o o seu uso implica a aceptación das bases ás que está suxeita, e que están dispoñibles na web “comercia.aestrada.com” e nas propias oficinas de ACOE